



Sección Sindical CIG
Telefónica – Pontevedra
www.cigtelefonica.com

BOLETÍN INFORMATIVO Xuño de 2010

Prórroga do Convenio Colectivo e mesas abertas de Negociación

O pleno ordinario do Comité Provincial celebrado hoxe, 11 de xuño de 2010, amosou de novo que a súa maioría está en contra do debate e da participación d@s traballador@s na toma de decisión dos asuntos máis importantes, que son transcendentales para tod@s nós.

A C.I.G. presentou tres propostas de resolución sobre a prórroga do Convenio e as mesas de Negociación permanente:

1. Petición de asembleas de centro e Xeral (para maior información, debate e toma de decisión por parte do colectivo de traballador@s).

Votos a favor 6 (4 CIG+2 CGT)
En contra 11 (7CCOO+4 UGT)

2. Peche das mesas da Negociación permanente (están a modificar as nosas costas as condicións de traballo: categorías, salarios, funcións, xornadas, etc)

A favor 4 (CIG)
En contra 13 (CCOO+UGT+CGT)

3. Non á prórroga do Convenio Colectivo vixente, para negociarmos tod@s un novo Convenio Colectivo. (o actual remataría a finais do 2010)

A favor 4 (CIG)
En contra 11 (CCOO+UGT)
Abstencións 2 (CGT)

**CONTRA A NEGOCIACIÓN
PERMANENTE**



**NON Á PRÓRROGA
DO CONVENIO**